

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE MONTERREI PARA A REALIZACIÓN DE VISITAS GUIADAS E DE INFORMACIÓN TURÍSTICA NA FORTALEZA DE MONTERREI

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Merelles Remy , director da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e de acordo con as facultades que lle confire á dirección da Axencia o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio) modificado polo Decreto 16/2025, de 10 de marzo (DOG núm. 51, do 14 de maio), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, en relación co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm.193, do 9 de outubro).

Doutra parte, José Luis Suárez Martínez, como alcalde do **Concello de Monterrei**, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade (artigo 27.21).



Que tal e como establece a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, a Xunta de Galicia, propiciará unha ordenación racional, equilibrada e sustentable dos recursos turísticos co obxectivo de garantir o equilibrio territorial e, para conseguir este fin, establecerá as pertinentes canles de cooperación con outras administracións tanto estatais como autonómicas e locais, así como co sector privado.

Que a Axencia de Turismo de Galicia é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de ordenación, promoción, xestión e fomento do turismo.

A Axencia de Turismo de Galicia ten entre os seus obxectivos básicos levar a cabo accións de potenciación e desenvolvemento do turismo na Comunidade Autónoma de Galicia, como un factor de crecemento económico, polo que entre as súas prioridades está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen conseguir este obxectivo.

Segundo.- Que as entidades locais teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e 25.2 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, competencias en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

Terceiro.- Que entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, lle corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 7/1997, do 22 de xullo, de administración de Galicia, está a de cooperación e colaboración, as cales se poden levar a cabo mediante a formalización de convenios.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia, acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio ás iniciativas das entidades locais.

Cuarto.- Que o obxectivo da actuación é a posta en valor da Fortaleza de Monterrei, o máis importante recurso patrimonial e cultural do Concello de Monterrei, de grande interese turístico, contribuíndo a mellorar a imaxe do Concello de Monterrei como destino cultural e artístico, o que incrementará de maneira directa o fluxo turístico e propiciará repercusións económicas favorables para a comarca e, polo tanto, para Galicia.

O palacio-fortaleza de Monterrei atópase na parroquia de Santa María, a 72 quilómetros de Ourense. A fortaleza elévase na confluencia de camiños entre Sanabria e Ourense, preto



do río Támeqa, na zona máis elevada do fermoso val de Monterrei, dende onde domina o territorio circundante.

A súa historia é extensa pois o val foi poboado no século X. O castelo foi construído no século XII por Alfonso Henríquez, neto de Alfonso VI, e adquiriu importancia no XIV con Pedro I o Cruel. En 1506 arribou aquí Felipe o Fermoso para atoparse co Cardeal Cisneros e amosarlle a súa función como Rei de España.

A fortaleza foise adaptando a diferentes estilos ó longo da súa historia. A Torre das Damas foi edificada no século XIV. Entre os séculos XV e XVII os sucesivos condes de Monterrei construíron o palacio renacentista, a torre da Homenaxe, o hospital de peregrinos e a igrexa gótica de Santa María. Na Idade Moderna construíronse dous recintos abaluartados que encerraban os conventos de franciscanos e xesuítas, baixo a dirección dos enxeñeiros militares de Felipe IV, Juan de Villarroel e Carlos de Grunemberg. A función militar do conxunto fortificado complementouse coa importante vida cultural da pequena corte nobiliaria. Aquí imprimiuse o primeiro incunable galego, en 1494, un misal hoxe conservado no Arquivo Diocesano da Catedral de Ourense e se impartía docencia en gramática, artes e teoloxía.

O monumental conxunto fortificado de Monterrei constitúe a "Acrópole" máis grande de Galicia, e forma un enclave de evidente interese. Posúe tres recintos amurallados sobre unha alongada lomba, e entre outros elementos defensivos imprescindibles destacan a Torre da Homenaxe e a Torre das Damas. Un dos accesos ó recinto presenta unha ponte levadiza, elemento propio destas fortalezas. As ameas, os pequenos vanos e un pozo de 14 metros situado no patio interior completan as defensas do edificio. O patio de armas do castelo accédese por unha porta practicada nunha muralla.

Quinto.- A Fortaleza é un dos recursos turísticos que constitúe un valor diferenciado non só do concello senón da nosa Comunidade Autónoma. Por este motivo, o Concello de Monterrei e a Axencia de Turismo de Galicia consideran necesario formalizar un convenio de colaboración, posto que se trata dunhas accións de interese común definidas para potenciar o turismo cultural non só na comarca de Monterrei senón tamén na Comunidade Autónoma.



O presente convenio de colaboración implica a concesión dunha subvención directa ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia de Turismo de Galicia. Esta Axencia entende que é de interese público seguir coa colaboración iniciada hai anos nas visitas e información turística da Fortaleza, por ser un BIC e un atractivo turístico de primeira orde na Comunidade Autónoma de Galicia, o que incide na promoción e potenciación do Turismo en Galicia, co que se pretende a súa posta en valor turístico e a súa potenciación.

Por todo o exposto acordan asinar este convenio de colaboración baseándose nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio.

Constitúe o obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Monterrei para a realización de visitas guiadas á Fortaleza de Monterrei, así como para a prestación de información turística do concello e da comarca, co fin de promover o turismo cultural, incentivar o coñecemento do patrimonio cultural e histórico galego e contribuír ao desenvolvemento económico da comarca.

Segunda.- Orzamento e financiamento. Gastos subvencionables.

O orzamento estimado das actuacións previstas neste convenio, IVE incluído, ascende a 52.000,00 €, co seguinte desagregamento:

GASTOS PERSOAL:

Ocupación	% xornada	Duración do contrato	Salario (Incluída a p.p. da paga extra)	Seguridade Social	Total mensual	Total anual



1 técnico de información turística	100 %	12 meses	1.512,64 €	505,52 €	2.018,16 €	24.217,97 €
1 recepcionista	100%	12 meses	1.381,33 €	461,64 €	1.842,97 €	22.115,65 €
1 técnico de información turística	100%	2 meses	1.458,77 €	487,52 €	1.946,29 €	3.892,58 €
TOTAL GASTOS PERSOAL						50.226,20 €

OUTROS GASTOS:

Subministracións (internet, luz), material funxible, mobiliario de oficina, material de limpeza...)	1.773,80€
TOTAL CUSTOS:	52.000,00€

A Axencia de Turismo de Galicia achegará 52.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.460.0, proxecto 2015 00006, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2025.

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen a partir do **1 de xaneiro 2025**. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Terceira.- Ausencia de relación laboral.

A subscripción deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Axencia de Turismo de Galicia- Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, directa, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.



Cuarta.- Compromisos das partes.

A Axencia de Turismo de Galicia comprométense, para a realización das actuacións obxecto deste convenio, a achegar os importes establecidos na cláusula segunda.

O Concello de Monterrei comprométese coa sinatura deste convenio a:

- Executar as accións obxecto do presente convenio e poñer todos os medios técnicos e humanos necesarios para o desenvolvemento do mesmo e asumir os gastos de persoal e correntes que orixinen a posta en marcha das actividades.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia de Turismo de Galicia e incluír a "Marca Turística de Galicia" en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración
- Como beneficiario dunha subvención o concello de Monterrei deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Comunicar á Axencia de Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos. De acordo co disposto no artigo 40.1 d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

- Acreditar ante a Axencia de Turismo de Galicia o cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, conforme o indicado no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.



- Reintegrar total ou parcialmente, a subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, e a exixencia do xuro correspondente desde o pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia de reintegro cando concorran algunha das causas sinaladas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia.
- Facilitar toda a información que se lle requira pola Axencia de Turismo de Galicia en relación coa xustificación do convenio, e pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino de axudas.
- Subministrar á Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia de Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei. No caso de non atender o requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.

Quinta.- Subcontratación.

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir o Concello de Monterrei para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante o Concello de Monterrei, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O organismo local será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia de Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais dependentes das entidades que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito



que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria.

Sexta. Xustificación.

1. O Concello de Monterrei, segundo se establece no artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, estará obrigado a xustificar ante a Axencia de Turismo de Galicia o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeneral, pola documentación que se relaciona a continuación, e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

2. A xustificación da execución das actividades subvencionadas diante da Axencia de Turismo de Galicia realizarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no artigo 9 do citado Decreto 193/2011, do 6 de outubro, para o que o concello deberá presentar:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e prace do/a alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1. O cumprimento da finalidade da subvención.

2. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Salvo disposición expresa das bases reguladoras, e sen prexuízo do previsto na letra c) deste mesmo artigo, non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.



c) Se é o caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) Deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

Así mesmo, deberá achegarse polo Concello:

- Certificación emitida pola Secretaría da entidade local acreditativa do cumprimento da normativa de contratación do sector público.

- Declaración responsable do órgano competente da entidade de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Ademais de presentarse coa xustificación, estas declaracións tamén deberán presentarse con anterioridade á sinatura do presente convenio.

3. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención e realizar a execución do obxecto do convenio por parte do Concello de Monterrei, a subvención concedida pola Axencia de Turismo de Galicia, remata o **10 de decembro de 2025**.

4. De non xustificarse en prazo a cantidade total subvencionada, o Concello deberá reintegrar proporcionalmente o non xustificado, e a Axencia de Turismo de Galicia minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado, sempre e cando se acade o obxecto do convenio.

Non obstante, non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado, cando obedezan a razóns xustificadas, e sempre que se xustifique o importe total.

Sétima.- Pagamentos anticipados e a conta.

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, que de conformidade co disposto no artigo 6.1.Un do Decreto



193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas e no artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, poderán ser de ata o 80% do importe de 18.000 €, así como un 10% adicional sobre o importe que exceda dos 18.000 € e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Así mesmo, poderán realizarse pagamentos a conta, segundo se establece no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. O importe conxunto dos pagamentos a conta e dos pagamentos anticipados que no seu caso de concedan non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

De conformidade co disposto no artigo 65.4 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o concello de Monterrei está exonerado de constituír garantía relativa aos anticipos e pagos a conta previstos nesta cláusula.

Oitava.- Compatibilidade

A achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos, axudas ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada

Novena.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.



No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, o Concello deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

Décima.- Comisión de seguimento.

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión de seguimento de composición paritaria, que coordinará o seu desenvolvemento no caso de que xurdisen dúbidas.

O funcionamento da Comisión axustarase ao disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Os representantes das entidades colaboradoras poderán comparecer asistidos por técnicos ou asesores, con voz pero sen voto.

En todo caso, os acordos da comisión adoptaranse por unanimidade e serán executivos e vinculantes para as administracións integradas no convenio.

Corresponderán á comisión de seguimento as seguintes funcións:

- A interpretación deste convenio, resolvendo todas as dúbidas que poida xerar a súa execución.
- O seguimento da execución do convenio, sendo informada polas administracións asinantes das accións realizadas polo menos unha vez ao ano.

En relación á subvención concedida, a Axencia de Turismo de Galicia ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación e resolución propias dos negocios xurídicos administrativos.

Undécima.- Modificación e resolución do convenio.

1. Conforme o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007 toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación do convenio, sendo



de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Ao abeiro do disposto no artigo 7 do Decreto 193/2011, a entidade beneficiaria da subvención deberá presentar a solicitude de modificación da subvención concedida cunha antelación mínima dun mes. A modificación deberá respectar o obxecto da subvención, as actividades subvencionadas e evitar actuacións deficientes ou incompletas. A solicitude deberá acompañar a documentación establecida no apartado 4 do citado artigo 7:

a) Memoria xustificativa, na cal ademais se faga constar que non se desvirtúa o proxecto subvencionado, que non suporá unha actuación deficiente e que se cumpre co obxectivo da resolución da concesión.

b) Orzamento ou proxecto modificado.

c) Relación e identificación concreta dos cambios introducidos en cadro comparativo.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Serán causas de resolución do presente convenio, ademais do incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan:

- A imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento.
- A denuncia motivada dunha das partes por incumprimento total ou parcial pola outra parte das obrigas asumidas en virtude deste convenio.
- Transcurso do tempo de vixencia estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- As causas de reintegro previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- A declaración xudicial de nulidade do convenio.



Décimo segunda.- Natureza xurídica e xurisdición competente.

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da Lexislación de Contratos das Administracións Públicas, segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público de conformidade co disposto no apartado segundo do seu artigo 6.1.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

A Xurisdición Contencioso-Administrativa será a competente para resolver cuestións litixiosas que puidesen suscitarse entre partes no desenvolvemento do presente convenio, dada a natureza administrativa deste.

Décimo terceira.- Publicidade e rexistro do convenio. Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio.

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia de Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.



A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións contidas no convenio.

Décimo cuarta.-Protección de datos

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPdGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a súa formalización e desenvolvemento, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, e a súa sinatura. A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais dos asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio subscrito. Respecto dos datos persoais sobre os que a Axencia de Turismo de Galicia ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante esta o acceso, rectificación e supresión, así como opoñerse ao seu tratamento a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.



En canto aos datos persoais sobre os que o concello ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar da devandita entidade o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento a través do enderezo sinalado no encabezamento do presente convenio.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPd respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos.

Décimo quinta.- Vixencia.

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte a súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2025. O Concello de Monterrei como entidade executora e xestora das actuacións, será a responsable do mantemento en todo momento e tras a finalización da vixencia temporal do mesmo, das finalidades propias do Convenio.

Décimo sexta.- Notificación electrónica.

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.



Lido polas partes, por si mesmas e como proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase o presente convenio.

Axencia de Turismo de Galicia

O alcalde do Concello de Monterrei

José Manuel Merelles Remy

José Luis Suárez Martínez

